



ACT-INCLUSIVE – Actores do Cambio Cara a Educación Inclusiva
Acordo de subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



COMUNICADO DE PRENSA 6

*Últimas noticias y
novedades*



ACT-INCLUSIVE: Actores do Cambio Cara a Educación Inclusiva

[Acordo de subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO]

COMUNICADO DE PRENSA 6 – Últimas noticias y novedades

Contacto: Catuxa Pereira Cacheda, coordinadora da Área de Proxectos de COGAMI
Modesto Brocos, 7 - bloque 3 – baixos. C.P. 15704 – Santiago de Compostela (A Coruña).
E-mail: proxectos@cogami.gal
Santiago de Compostela, Outubro de 2025.

Ven á nosa Conferencia Final!

Únete a nós para '**A educación inclusiva en acción: leccións e ferramentas do proxecto ACT-INCLUSIVE**' o 12 de novembro de 2025, de 13:00 a 17:30 (CET). Neste evento híbrido, dispoñible tanto de forma presencial en Bruxelas como en liña, presentaranse as ferramentas clave do proxecto para impulsar a inclusión nos centros educativos, contaremos coas perspectivas de alumnado e profesorado, e incluírá unha presentación da Comisión Europea.

Rexístrate agora para asegurar a túa praza e explora as nosas solucións para lograr escolas realmente inclusivas: [Rexistro presencial](#) | [Rexistro en liña](#). O evento contará con tradución simultánea aos idiomas francés, español e esloveno.

Vídeo-testemuña inspirador

Tras a realización dos obradoiros sobre educación inclusiva postos en marcha en España, Hungría, Eslovenia, Chipre e Francia, publicamos un vídeo-testemuña que amosa o auténtico impacto do proxecto nas escolas.

Presenta a alumnado e persoal educativo compartindo as súas experiencias positivas e os beneficios do uso dos recursos do proxecto ACT-INCLUSIVE nas súas escolas. Podes atopar o vídeo [aquí](#).

Modelos de cooperación

Prácenos anunciarvos que os documentos de [Modelos de cooperación](#) foron acordados e desenvolvidos entre as entidades socias e as escolas. Cando menos unha escola en cada un dos países do proxecto comprometeuse a continuar desenvolvendo o proxecto dentro da súa contorna educativa, tanto a través de actividades de sensibilización, como de formación e eventos utilizando os materiais de ACT-INCLUSIVE (Manual de Formación e Sensibilización, Toolbox e cómic e audiolibro “Os Meus Monstros”).

Celebremos a Inclusión – Próximos eventos europeos

De cara a dúas celebracións europeas clave — **Día Mundial da Inclusión** e **Días Erasmus** — o proxecto ACT-INCLUSIVE está xa mobilizando ao alumnado e ao persoal educativo,



proporcionándolle recursos innovadores e gratuítos deseñados para facer da inclusión unha realidade en todas as aulas.

O proxecto foi creado baixo a premisa de que a pesar de que a educación inclusiva é un mandato das Nacións Unidas (en particular, da [CDPD](#)¹) e do [Pilar Europeo de Dereitos Sociais](#), moitas escolas carecen aínda dos recursos e a formación necesarios para acoller a diversidade de necesidades de apoio de todo o alumnado.

O proxecto ACT-INCLUSIVE está animando activamente ás escolas e comunidades educativas a se involucrar en actividades que promovan a inclusión nos centros educativos, e a utilizar as ferramentas de ACT-INCLUSIVE durante os próximos eventos:

- **Día Mundial da inclusión (10 de outubro):** Un momento dedicado á celebración da diversidade e a promoción da aceptación universal, o apoio e a acollida das características únicas de cada persoa. Tanto a [Toolbox](#), como o [Cómic](#) e o [Audiolibro](#) sensibilizan acerca da inclusión educativa. Estas ferramentas poden ser utilizadas para que as escolas planifiquen neste día actividades de promoción da aceptación social e a pertenza.
- **Días Erasmus (13 a 18 de outubro):** Como proxecto subvencionado polo Programa Erasmus+, ACT-INCLUSIVE unirase á celebración global da Mobilidade e cooperación europeas. A asociación transnacional do proxecto e a riqueza de materiais plurilingües amosan o poder da colaboración europea para avanzar na inclusión social.

Acerca de ACT-INCLUSIVE

ACT-INCLUSIVE dedícase a conducir o cambio cara a educación inclusiva aproveitando estratexias de educación non-formal. Traballamos en estreita relación con escolas, familias e comunidades para asegurar que cada estudante, á marxe das súas capacidades, recibe o apoio e os recursos que precisa para se desenvolver plenamente.

Información de contacto

Para máis información, por favor, visite a nosa páxina web: <https://easpd.eu/project-detail/act-INCLUSIVE-raising-awareness-on-INCLUSIVE-education-and-empowering-students-with-disabilities/>